



Memoria xustificativa do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia-Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello de Boiro para a execución do proxecto Danos polos temporais de xaneiro e febreiro de 2016

1. Departamento que tramita o convenio

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza é o órgano da Administración autonómica que en virtude do Decreto 72/2013, do 25 de abril, polo que se establece a súa estrutura orgánica ten atribuídas a elaboración, proposta e execución da política do Goberno Galego en materia de administración local e as competencias en materia de asistencia á Administración Local, así como o fomento das liñas de colaboración coas entidades locais.

Dentro deste departamento, as competencias en materia de Administración local están atribuídas á Dirección Xeral de Administración Local. A este centro directivo correspóndelle, en particular, o fomento das liñas de colaboración coas entidades locais galegas no referente á convocatoria e execución das subvencións a elas destinadas.

2. Antecedentes

A Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, asinou co concello de Boiro un convenio de cooperación para a execución do proxecto denominado Danos polos temporais de xaneiro e febreiro de 2016.

Os artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e os artigos 80 e 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, establecen que os municipios deberán prestar aos seus cidadáns os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños, entre as que se atopan a protección do medio ambiente.

Nos primeiros días dos meses de xaneiro e febreiro de 2016 producíronse unha serie de fenómenos meteorolóxicos adversos nos que destacou a grande cantidade de precipitación recibida. Como consecuencia destes temporais, producíronse unha serie de danos en infraestruturas e equipamentos públicos, en especial na rede viaria pero tamén en edificacións en zonas próximas aos ríos.

A través da Federación Galega de Municipios e Provincias, máis de 150 concellos enviaron unha estimación de danos en bens de titularidade municipal. Esta relación de danos inclúe diversas tipoloxías con base, á súa vez, en diferentes criterios. Por este motivo foi preciso establecer un limiar obxectivo que permitise determinar que danos se debían ao extraordinario das chuvias rexistradas, por acumulación de chuvias ou polo consecuente desbordamento de ríos, e cales danos derivaban doutras causas, como danos previos ou mala conservación.

Polo que respecta aos concellos en que se produciu unha acumulación extraordinaria de chuvias, a Axencia Galega de Infraestruturas estableceu que debían considerarse os danos producidos en concellos en que se superase un límite determinado de intensidade de chuva, de acordo cos limiares establecidos para determinar a gravidade das alertas meteorolóxicas, escollendo como criterio axeitado o establecemento de alerta laranxa para acumulación de chuva (80 l/m² en 12 horas) coas precisións que no informe se realizan. Xa que logo, solicitouse a colaboración de Meteogalicia para elaborar unha listaxe de concellos nos que se superou ese limiar de chuva nos temporais de xaneiro e febreiro.

Tamén cómpre considerar os danos producidos en bens de titularidade municipal naqueles concellos en que se produciron fenómenos extraordinarios de enchentes en ríos, un evento extraordinario que non se





pode medir directamente pola cantidade de chuva caída nun punto, senón de xeito indirecto polo desbordamento dos leitos dos ríos.

Por outra banda, mediante a Orde do 14 de xuño de 2016, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza estableceu as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, dentro do Plan específico extraordinario de investimentos destinado á mellora das infraestruturas e equipamentos nos concellos de Galicia. Mediante esta orde a Xunta de Galicia materializou a súa vontade de colaborar cos concellos na reparación dos danos en bens de titularidade municipal, ocasionados polos episodios de climatoloxía adversa dos meses de xaneiro e febreiro do ano en curso.

Así, aqueles concellos de menos de 10.000 habitantes afectados polos temporais, segundo a relación elaborada pola Axencia Galega de Infraestruturas cos datos facilitados por Meteogalicia, puideron optar ás axudas convocadas.

Algúns destes concellos beneficiarios priorizaron a reparación dos danos ocasionados polos temporais e solicitaron a axuda integramente para a restauración ou rehabilitación dos bens afectados. Por tal motivo cómpre colaborar con estes concellos, de tal xeito que poidan materializar outros proxectos de mellora de infraestruturas e equipamentos municipais que teñan por obxecto a reparación dos danos producidos polos temporais dos meses de xaneiro e febreiro de 2016

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza dispuxo dun saldo de crédito, axeitado e suficiente para a súa aplicación eficaz na reparación dos danos sufridos nos bens de titularidade municipal afectados polos fenómenos meteorolóxicos dos meses de xaneiro e febreiro naqueles concellos que non se atopaban no suposto do artigo 1.3.b) da orde do 14 de xuño de 2016, por superaren o limiar de poboación fixado na convocatoria, e naqueles concellos que, sendo beneficiarios destas subvencións, solicitaron a axuda integramente para a restauración ou rehabilitación dos bens de titularidade municipal danados polos devanditos fenómenos meteorolóxicos.

Estas circunstancias converxen coa conxuntura descrita e co obxectivo da actuación para acreditar a existencia de razóns de interese público que xustifican o recurso ao procedemento excepcional de concesión directa destas subvencións.

3. Finalidade

Para os efectos sinalados, formalizouse o instrumento convencional ao que se refire esta memoria, por un período de vixencia que abrangue desde o día da súa sinatura ata o 15 de novembro de 2016.

4. Obxecto do convenio

Acometer o proxecto denominado Danos polos temporais de xaneiro e febreiro de 2016, que ten como obxecto a reparación dos danos causados polos temporais de xaneiro e febreiro de 2016 sobre bens de titularidade municipal.

5. Fundamentos do convenio

O Concello de Boiro expuxo a necesidade de acometer o proxecto denominado " Danos polos temporais de xaneiro-febreiro 2016" que ten como obxecto a realización dun muro de contención por gravidade para estabilizar a forte desnivel que existe entre os dous camiños principais que dan acceso ao núcleo de Sandrezo.





A Xunta de Galicia prestou un apoio especialmente necesario neste caso, considerando as particulares circunstancias destes concellos, que veñen incidir nun contexto orzamentario fortemente restritivo do que deriva, entre outras consecuencias, as dificultades para afrontar en solitario os compromisos económicos que o obxecto destas subvencións representa para as facendas municipais, que precisan da reposición das infraestruturas e equipamentos danados polos temporais dos meses de xaneiro e febreiro de 2016, segundo a relación de danos remitidos á Fegamp, e que resultan ser actuacións necesarias para a adecuada prestación dos servizos municipais.

6. Aplicación orzamentaria e importe

Para dar cumprimento aos obxectivos deste convenio, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Dirección Xeral de Administración Local, achegou a cantidade máxima de VINTE E CINCO MIL CENTO OITENTA E DOUS EUROS CON NOVENTA E NOVE CÉNTIMOS (25.182,99 €) con cargo á aplicación orzamentaria 05.23.141A.760.0 (CP 2015 00088) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2016.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4.2 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2017

A directora xeral de Administración Local

Marta Fernández-Tapias Núñez (asinado dixitalmente á marxe)

